



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Servizo de Conservación da Natureza

Rúa Vicente Ferrer, 2, 5º
15071 A CORUÑA
Tel. 981 184 585
Fax 981 184 654

galicia

Sr. Alcalde
Concello de Valdoviño
Porta do Sol
15552 - Valdoviño
A Coruña

 Concello de Valdoviño Registro Gral. de ENTRADA	
23 NOV. 2012	
Núm.:	4581


En resposta a súa solicitude para liberar a obturación de area acumulada como consecuencia dos achegamentos realizados pola marea e a labor realizada na praia polas ondas no tramo final do desaugadoiro da Lagoa da Frouxeira, comunícolle que este Servizo resolve **AUTORIZAR** a devandita actuación que se executará segundo o sinalado no "Plan de Conservación do Humidal Protexido Lago e Areal de Valdoviño".

Os traballos serán dirixidos por un técnico deste Servizo de Conservación da Natureza da Coruña e cumprirán as seguintes prescricións:

1. Non se debe realizar ningunha acción que poida supor unha afección significativa sobre a barreira litoral.
2. A conexión da canle co mar e o inicio da fase de comunicación efectuaranse os días de menor amplitude da marea. De ser necesario, en función do perfil que adquira a praia, a canle de desaugadoiro e as condicións ambientais, deberíase proceder a interromper o desaugadoiro ata que as condicións se consideren favorables.
3. Deberase realizar un plan de seguemento da canle e dos sistemas praia-barreira-duna. Control de velocidade e nivel de inundación.
4. O acceso de vehículos e maquinaria á praia farase exclusivamente por camiños xa existentes. Evitarse a circulación sobre sistemas dunares vexetados.

A Coruña, 22 de novembro de 2012

O xefe do Servizo de Conservación da Natureza


Carlos González Muñoz-Martínez

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA
A CORUÑA

Data 22/11/2012 12:52:31

SAÍDA 149392 / RX 88000

